



Expediente núm.: 118/2015

Asunto: Convocatoria da Xunta de Goberno local

Acta da sesión: SESIÓN ORDINARIA

Día e hora da reunión: 18 de novembro de 2015, 14:00 HORAS.

Lugar de realización: DEPENDENCIAS DE ALCALDÍA

Asistentes: ALCALDE: PABLO JOSE TABOADA CAMOIRA, FERNANDO ALFREDO PENSADO BARBEIRA (CONCELLEIRO), VOGAL, MARÍA AURORA VILA AGRA (CONCELLEIRA), VOGAL, JOSÉ RAMÓN GARCÍA VÁZQUEZ (CONCELLEIRO), VOGAL;
SECRETARIO-INTERVENTOR: IVAN PONTE MAHIA

Ausentes:

Orde do día: **1. APROBACIÓN SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, SESIÓN ORDINARIA DO 4 DE NOVEMBRO DE 2015 2. LICENZAS 3. COMUNICACIÓNS PREVIAS 4. OUTROS ASUNTOS 5. ASUNTOS DE URXENCIA 6. ROGOS E PREGUNTAS**

ACTA CORRESPONDENTE Á SESIÓN CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL

ASISTENTES:

ALCALDE: PABLO JOSE TABOADA CAMOIRA

Tenentes de alcalde:

DON ERNANDO ALFREDO PENSADO BARBEIRA (CONCELLEIRO), VOGAL

DONA MARÍA AURORA VILA AGRA (CONCELLEIRA), VOGAL

DON JOSÉ RAMÓN GARCÍA VÁZQUEZ (CONCELLEIRO), VOGAL

SECRETARIO-INTERVENTOR: IVAN PONTE MAHIA

En Palas de Rei, ás 14:00 HORAS do día 18 de novembro de 2015, reúnense no salón de sesións da casa consistorial, baixo a presidencia de ALCALDE, PABLO JOSE TABOADA CAMOIRA, co obxecto de celebrar unha sesión SESIÓN ORDINARIA, os tenentes de alcalde membros da Xunta de Goberno local, DON ERNANDO ALFREDO PENSADO BARBEIRA (CONCELLEIRO), VOGAL, DONA MARÍA AURORA VILA AGRA (CONCELLEIRA), VOGAL, DON JOSÉ RAMÓN GARCÍA VÁZQUEZ (CONCELLEIRO), VOGAL, con SECRETARIO-INTERVENTOR do Concello, IVAN PONTE MAHIA, e en presenza de SECRETARIO-INTERVENTOR, IVAN PONTE MAHIA. Xa que asiste o quórum legal para a súa celebración, declarouse aberta a sesión pola Presidencia e procedeuse a examinar os asuntos incluídos na orde do día, que se desenvonveron como se expresa a continuación:

1 Aprobación da acta da sesión anterior, sesión ordinaria do 14 de novembro de 2015

Sometida a aprobación a acta da sesión ordinaria do 04.11.2015 prodúcese o seguinte resultado:

A favor: Unanimidade dos membros presentes da Xunta de Goberno Local.

En consecuencia, enténdese aprobada a acta da sesión ordinaria do

Ayuntamiento de Palas de Rei

Avda. de Compostela, 28, Palas de Rei. 27200 Lugo. Tfno. 982380001. Fax: 982374015



04.11.2015.

2 Licenzas

Solicitud de licenza de segregación e agrupación de parcelas, interesada por Manuel García Quintiá

Vista a solicitude formulada por Manuel García Quintiá, acompañada de proxecto técnico instando autorización municipal ou licenza de segregación e agrupación de parcelas rústicas situadas na parroquia de Augasantas, en Palas de Rei.

As parcelas motivo de segregación e agregación atópanse en solo de rústico de protección forestal, ocupando tamén parcialmente solo rústico de protección ordinaria, situadas na parroquia de Augasantas, no municipio de Palas de Rei, e cunha superficie inicial segundo o seguinte detalle:

Parcela Matriz 1, *O Prado Vello*, parcela motivo de segregación, da cal se pretende segregación de unha porción de terreo, quedando dividida en dúas parcelas distintas, está catastrada ou identificada no plano parcelario do catastro como parcela 96, polígono 100, cunha superficie inicial de 43.665,00 m².

Parcela Matriz 2, *Candada*, e parcela motivo de agrupación, está catastrada ou identificada no plano parcelario do catastro como parcela 124, polígono 100, cunha superficie inicial de 23.323,00 m².

A situación inicial das parcelas arriba descritas atópase en dous tipos de solo de acordo coas Normas Subsidiarias de Planeamento do Concello de Palas de Rei, en solo de rústico de protección forestal, e parcialmente en solo rústico de protección ordinaria, situadas na parroquia de Augasantas, no municipio de Palas de Rei, todo elo segundo toma de datos de campo e traballo de gabinete de acordo cós criterios e có equipo que se relaciona no "proxecto de segregación e agrupación de parcelas rústicas", redactado e asinado polo enxeñeiro técnico agrícola, Javier López López, Colexiado nº 1049 do COITA.

Segundo se desprende da descrición feita polo técnico redactor do proxecto, a segregación e agregación simultánea pretendidas, e en unidade de acto, teñen como obxecto a regularización e configuración das parcelas.

Da "Matriz 1" inicial, *O Prado Vello*, 43.665,00 m² faise segregación de unha porción de terreo resultando dúas parcelas: porcións de parcela segregada 12.245,00 m², *Prado Vello B*, e resto de parcela Matriz 1, 31.420,00 m², *Prado Vello A*.

A porción de terreo segregado da finca Matriz 1, 12.245,00 m², agregarase á finca descrita como Matriz 2, *Candada*, pasando así a ter unha superficie total final de 35.568,00 m²

A segregación regulariza parcelas, sen aumentar o número das descritas inicialmente, e as fincas resultantes quedan con unha superficie superior á mínima establecida, creando parcelas independentes, con superficie superior á unidade mínima de cultivo para o territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, segundo o disposto no Decreto 330/1999, de 9 de decembro.



Visto que instruíuse o correspondente procedemento para a concesión de licenza.

Visto informe técnico emitido en data do 10 de novembro de 2015, que literalmente di,

“INFORME TÉCNICO

Expediente	SEGREGACIÓN E AGRUPACIÓN DE PARCELAS
Solicitante	MANUEL GARCÍA QUINTÁ
Emprazamento	CAMOIRA - AUGASANTAS
Ref. Documento	15249-SGAG-RPF-Augasantas

O solicitante achega Proxecto de Segregación e Agrupación de Parcelas Rústicas asinado polo Enxeñeiro Técnico Agrícola Javier López López, colexiado nº 1.049 do Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Agrícolas de A Coruña e Pontevedra, en outubro de 2015.

Realizada a comprobación da normativa urbanística de aplicación resulta o seguinte:

O planeamento vixente son as Normas Subsidiarias de Planeamento de Palas de Rei (NSP).

A actuación solicitada sitúase principalmente en SOLO RÚSTICO DE PROTECCIÓN FORESTAL, ocupando tamén parcialmente SOLO RÚSTICO DE PROTECCIÓN ORDINARIA.

A actuación proposta consiste en:

segregar a parcela con referencia catastral 27040A100000960000HM, identificada como “O Prado Vello”, con unha superficie de 43.665m², xerando as seguintes parcelas resultantes:

- O Prado Vello-A (31.420 m²)
- O Prado Vello-B (12.245 m²)

e agrupar a porción segregada “O Prado Vello-B” (12.245 m²) ca parcela con referencia catastral 27040A100001240000HT, identificada como “Candada”, con unha superficie de 23.323 m² de forma que quedan as seguintes fincas resultantes:

- **O Prado Vello A**, de 31.420 m².
- **Candada - O Prado Vello B**, de 35.568 m².

A agregación e segregación en unidade de acto está permitida para regularizar a configuración de parcelas lindantes, tal e como establece o artigo 206 da Lei 9/2002 de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia, cas súas modificacións posteriores.

Como conclusión do exposto, emito informe FAVORABLE á concesión da licenza solicitada. “

Visto informe xurídico emitido en data do 13 de novembro de 2015, e que obra no expediente.

Considerando o relacionado nos parágrafos anteriores, en uso das facultades que

Ayuntamiento de Palas de Rei

Avda. de Compostela, 28, Palas de Rei. 27200 Lugo. Tfno. 982380001. Fax: 982374015



outorga a lexislación de réxime local e as competencias delegadas na Xunta de Goberno Local polo Decreto da Alcaldía nº 205/2015, do 15 de xuño e polo acordo do Pleno adoptado en sesión extraordinaria celebrada o día 1 de xullo de 2015, a Xunta de Goberno Local por acordo unánime dos seus membros adoptou o seguinte, ACORDO:

Primeiro. Conceder agás o dereito de propiedade e sen prexuízo co común ou de terceiro a Manuel García Quintiá, a licenza para segregación e agrupación de parcelas para regularización das mesmas, sendo o resultado final:

Finca Resultante 1, *O Prado Vello A*, situada no lugar de Camoira, na parroquia de Augasantas, no municipio de Palas de Rei, na provincia de Lugo; cunha superficie final de trinta e un mil catrocentos vinte metros cadrados (31.420,00 m²).

Finca Resultante 2, *Candada-Prado Vello B*, situada no lugar de Camoira, na parroquia de Augasantas, no municipio de Palas de Rei, na provincia de Lugo; cunha superficie final de trinta e cinco mil cincocentos sesenta e oito metros cadrados (35.568,00 m²).

Segundo. Aprobar os dereitos e taxas que corresponda segundo Ordenanza municipal, e que ascenden a un total de trescentos sesenta e sete euros con trinta e cinco céntimos (367,35 €).

Terceiro. Dar traslado do presente acordo ao interesado xunto cunha copia do informe técnico municipal, e con indicación dos recursos que proceden.

Cuarto. Dar traslado dunha copia da liquidación de dereitos ao interesado para que proceda ao abono do importe total a través de conta bancaria, previa notificación do acordo de concesión de licenza. “

Do que se lle da traslado para o seu coñecemento.

Recursos: Contra o acordo que antecede, que é definitivo en vía administrativa, poder optar por:

a).- Interpor, con carácter potestativo, recurso de reposición, ante a Xunta de Goberno Local, dentro do prazo de un mes contado dende o día seguinte ó de notificación do presente Acordo.

No suposto de interposición do recurso potestativo de reposición, non poderá interpor recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se teña producido a desestimación presunta do recurso de reposición interposto (art. 116.2 da Lei 30/92 do 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, na súa redacción dada pola Lei 4/99 do 13 de xaneiro), e o prazo para interpor dito recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso de Lugo, será de dous meses contados dende o día seguinte ó da notificación da resolución expresa do recurso de reposición, si no fora expresa a resolución do recurso de reposición, o prazo de interposición do recurso contencioso-administrativo será de seis meses a contar desde o día seguinte a aquel en que deba entenderse presuntamente desestimado, e dicir, un mes (art. 46.4 da Lei 29/98 do 13 de 30/1992, do 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, na súa redacción dada pola Lei 4/99 do 13 de xaneiro).



b).- Interpor directamente o recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do contencioso de Lugo, dentro do prazo de dous meses contados deste o día seguinte o da notificación da presente resolución, de conformidade có establecido no art. 46.1 da Lei 29/98 do 13 de xullo Reguladora de Xurisdición contencioso-administrativa.

Así mesmo advírteselle que tamén poderá utilizar calquera outro recurso que estime pertinente, así como exercer as accións que procedan ante a xurisdición competente.

Solicitud de licenza urbanística municipal para construción de edificio para albergue de unha estrela, a pedimento de Fernando Valín Carreira

Visto escrito de solicitude acompañado de anteproxecto inicialmente, e unha vez obtida a autorización do órgano sectorial competente en materia do Patrimonio Cultural, proxecto técnico, presentado por Fernando Valín Carreira, con residencia a efectos de notificación en Avda. Compostela s/n, en Palas de Rei, no que solicita licenza urbanística municipal para a realización de obras maiores de “construción de edificio para albergue de unha estrela”, nunha finca situada en Avda. Compostela, en Palas de Rei, conforme ao proxecto técnico redactado polo arquitecto Carlos Sánchez-Montaña López, colexiado nº 1923 do COAG.

Vistos os informes técnicos emitidos en datas do 17 de marzo e do 20 de outubro de 2015, e que obran no expediente e dos cales se lle chegarán copias.

Vista a Resolución de autorización sobre afección ao Patrimonio Cultural, emitida pola Dirección Xeral do Patrimonio Cultural, da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia, en data do 13 de abril de 2015, que obra no expediente e da cal se lle chegará copia xunto co presente.

Visto informe xurídico emitido en data do 11 de novembro de 2015, que obra no expediente.

Visto todo o anterior, en uso das facultades que outorga a lexislación de réxime local e as competencias delegadas na Xunta de Goberno Local polo Decreto da Alcaldía nº 205/2015, do 15 de xuño e polo acordo do Pleno adoptado en sesión extraordinaria celebrada o día 1 de xullo de 2015, a Xunta de Goberno Local por acordo unánime dos seus membros adoptou o seguinte, ACORDO:

Primeiro. Conceder a Fernando Valín Carreira, a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo do común ou de terceiro, licenza urbanística municipal de obras maiores consistentes en “construción de edificio para albergue de unha estrela”, nunha finca situada en Avda. Compostela, en Palas de Rei, conforme ao proxecto técnico redactado polo arquitecto Carlos Sánchez-Montaña López, colexiado nº 1923 do COAG.

Segundo. Os usos solicitados clasifícase a efectos das Normas Subsidiarias de



Planeamento como Equipamento Residencial-Categoría 3ª e Industrial-Categoría 1ª, e polo tanto están autorización polas NSP. A actividade que se vai a desenvolver non está sometida a Avaliación de Incidencia Ambiental por non atoparse incluída no catálogo de Actividades sometidas a Incidencia Ambiental, de acordo co disposto pola Lei 9/2013, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia, polo que, esta Xunta de Goberno Local por acordo unánime dos seus membros, acorda conceder a licenza municipal provisional para as actuacións que se describen, debendo cumprir as observacións e medidas correctoras impostas e sinaladas no informe técnico municipal que obran no expediente.

Terceiro. As obras comezaran no prazo de seis meses e rematarán no prazo de tres anos contados a partir da data de notificación deste Acordo. Transcorrido este prazo sen que se teña solicitado prórroga, este acordo non terá validez nin efecto.

Cuarto. Condicionar a licenza, ó cumprimento das prescricións xerais que figuran nas Normas Subsidiarias de Planeamento Municipais de Palas de Rei, e o cumprimento das condicións particulares recollidas no informe técnico, *presentación de proxecto de execución completo debidamente asinado por técnico competente e nomeamento da dirección facultativa das obras, antes da sinatura da acta de replanteo definitivo*, e ao cumprimento do expresado na resolución da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

Quinto. Aprobar os dereitos e taxas que figuran no expediente, correspondentes ás obras a realizar e que ascenden a un total de dez mil catrocentos oitenta e oito euros con corenta e oito céntimos (10.488,48 euros).

Do que se lle da traslado para o seu coñecemento.

Recursos: Contra o acordo que antecede, que é definitivo en vía administrativa, poder optar por:

a).- Interpor, con carácter potestativo, recurso de reposición, ante a Xunta de Goberno Local, dentro do prazo de un mes contado dende o día seguinte ó de notificación do presente Acordo.

No suposto de interposición do recurso potestativo de reposición, non poderá interpor recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se teña producido a desestimación presunta do recurso de reposición interposto (art. 116.2 da Lei 30/92 do 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, na súa redacción dada pola Lei 4/99 do 13 de xaneiro), e o prazo para interpor dito recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso de Lugo, será de dous meses contados dende o día seguinte ó da notificación da resolución expresa do recurso de reposición, si no fora expresa a resolución do recurso de reposición, o prazo de interposición do recurso contencioso-administrativo será de seis meses a contar desde o día seguinte a aquel en que deba entenderse presuntamente desestimado, e dicir, un mes (art. 46.4 da Lei 29/98 do 13 de 30/1992, do 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, na súa redacción dada pola Lei 4/99 do 13 de xaneiro).

b).- Interpor directamente o recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do contencioso de Lugo, dentro do prazo de dous meses contados deste o día seguinte



o da notificación da presente resolución, de conformidade có establecido no art. 46.1 da Lei 29/98 do 13 de xullo Reguladora de Xurisdición contencioso-administrativa.

Así mesmo advírteselle que tamén poderá utilizar calquera outro recurso que estime pertinente, así como exercer as accións que procedan ante a xurisdición competente.

3 Comunicacions previas

Comunicación previa para actuacións menores de retellado de cuberta de vivenda, a pedimento de Carmen Buján Mosquera

Vista a Comunicación Previa de actuacións menores para retellado de cuberta de vivenda, situada no lugar de Carballal, na parroquia de Carballal de San Mamede, presentada por Carmen Buján Mosquera.

Acreditase no expediente ter aboado a taxa por expedición de licenza urbanística ou tramitación de expediente de comunicación previa para actuacións de obras menores, por un importe total de trinta euros (30,00 euros), obra xustificante de pago ou ingreso de data do 7 de outubro de 2015.

Visto o expediente tramitado aos efectos, ao amparo da Lei 9/2013 do Emprendemento e da Competitividade económica de Galicia, Disposición Derradeira Terceira.

Vista a Ordenanza Municipal reguladora do procedemento das comunicacións previas para obras menores e actividades, publicada o seu texto íntegro, no Boletín Oficial da Provincia, BOP nº 216, do venres, 19 de setembro de 2014.

Visto o informe técnico emitido en data do 3 de novembro de 2015, que obra no expediente e do cal se lle chega unha copia xunto co presente.

En uso das facultades que outorga a lexislación de réxime local e as competencias delegadas na Xunta de Goberno Local polo Decreto da Alcaldía nº 205/2015, do 15 de xuño e polo acordo do Pleno adoptado en sesión extraordinaria celebrada o día 1 de xullo de 2015, a Xunta de Goberno Local por acordo unánime dos seus membros adoptou o seguinte, ACORDO:

Primeiro. Toma de coñecemento por parte deste Concello ao expediente de comunicación previa de actuacións menores de retellado de cuberta de vivenda, situada no lugar de Carballal, na parroquia de Carballal de San Mamede, conforme á documentación aportada ao expediente.

Segundo. Prestar conformidade ao expediente de Comunicación Previa inicial, de acordo co informe do técnico competente, podendo comezar as obras. Os servizos técnicos municipais poden, no seu caso, cursar visita de inspección, comprobación



ou control en calquera momento có fin de verificar a verosimilitude das obras coa documentación presentada no seu momento, en caso de que existan diferenzas entre a documentación técnica presentada e o efectivamente realizado, que supoña un cambio de réxime na concesión da autorización, procederase á paralización das obras, como medida preventiva, sen prexuízo das sancións que poidan recaer sobre o promotor, de acordo co disposto artigo 7 puntos 2, 3, da Ordenanza Municipal reguladora do procedemento das comunicacións previas para obras menores e actividades.

Terceiro. As obras deberán ser realizadas no prazo máximo de seis meses, dende a data de comunicación do presente. Transcorrido este prazo sen que as obras rematasen e antes da súa finalización, a persoa interesada ou promotor poderá solicitar prorrogas en prazo, non podendo superar o prazo inicialmente autorizado.

Cuarto. Que se proceda ó cumprimento das prescricións xerais que figuran nas Normas Subsidiarias de Planeamento Municipais de Palas de Rei, e ao cumprimento do recollido no informe técnico, do cal se lle chegará copia xunto co presente.

Quinto. A promotora está obrigada, artigo 7 punto 4 da Ordenanza Municipal arriba citada, a comunicar a finalización da obra ós efectos de proceder, no seu caso, á liquidación definitiva do imposto ou taxa correspondente e coa finalidade de que se curse a visita de inspección ou comprobación polos servizos técnicos competentes, se así o estiman oportuno.

Sexto. Proceder á comunicación e liquidación da cota do ICIO e taxas que corresponda segundo o orzamento presentado, e que ascenden a un total de dez euros (10,00 €).

Sétimo. Dar traslado dunha copia da liquidación do ICIO á interesada para que proceda ao abono do importe total a través de conta bancaria, previa notificación do acordo de conformidade.

Do que se lle da traslado para o seu coñecemento.

Recursos: Contra o acordo que antecede, que é definitivo en vía administrativa, poder optar por:

a).- Interpor, con carácter potestativo, recurso de reposición, ante a Xunta de Goberno Local, dentro do prazo de un mes contado dende o día seguinte ó de notificación do presente Acordo.

No suposto de interposición do recurso potestativo de reposición, non poderá interpor recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se teña producido a desestimación presunta do recurso de reposición interposto (art. 116.2 da Lei 30/92 do 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, na súa redacción dada pola Lei 4/99 do 13 de xaneiro), e o prazo para interpor dito recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso de Lugo, será de dous meses contados dende o día seguinte ó da notificación da resolución expresa do recurso de reposición, si no fora expresa a resolución do recurso de reposición, o



prazo de interposición do recurso contencioso-administrativo será de seis meses a contar desde o día seguinte a aquel en que deba entenderse presuntamente desestimado, e dicir, un mes (art. 46.4 da Lei 29/98 do 13 de 30/1992, do 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, na súa redacción dada pola Lei 4/99 do 13 de xaneiro.

b).- Interpor directamente o recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do contencioso de Lugo, dentro do prazo de dous meses contados deste o día seguinte o da notificación da presente resolución, de conformidade có establecido no art. 46.1 da Lei 29/98 do 13 de xullo Reguladora de Xurisdición contencioso-administrativa.

Así mesmo advírteselle que tamén poderá utilizar calquera outro recurso que estime pertinente, así como exercer as accións que procedan ante a xurisdición competente.

Comunicación previa de acondicionamento de local para actividade de embotellado e venda ao por menor de viño, interesada por José Antonio Seoane Vázquez

Vista a Comunicación Previa de actuacións de acondicionamento de local para a actividade de embotellado e venda ao por menor de viño, con dirección en Travesía da Feira s/nº, conforme coa documentación técnica, proxecto técnico redactado e asinado pola arquitecto técnico Mª. Fe García Liñeira.

Acreditase no expediente ter aboado a taxa por expedición de licenza urbanística ou tramitación de expediente de comunicación previa para actuacións de obras menores, por un importe total de corenta euros (40,00 euros), obra xustificante de pago ou ingreso de data do 22 de xuño de 2015.

Visto o expediente tramitado aos efectos, ao amparo da Lei 9/2013 do emprendemento e da competitividade económica de Galicia, Disposición Derradeira Terceira.

De acordo co disposto no artigo 3, da Ordenanza Municipal reguladora do procedemento das comunicacións previas para obras menores e actividades, no que se relacionan as obras suxeitas a comunicación previa ou a declaración responsable, publicada o seu texto íntegro, no Boletín Oficial da Provincia, BOP nº 216, do venres, 19 de setembro de 2014.

Vistos os informes técnicos emitidos aos efectos en datas do 18 de agosto e do 3 de novembro de 2015, que obran no expediente e dos cales se lle chegarán copias xunto co presente.

Vista a resolución de autorización sobre unha intervención no Camiño de Santiago, emitida pola Dirección Xeral do Patrimonio Cultural, Secretaría Xeral de Cultura da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, en data do en data do



21 de agosto de 2015, que obra no expediente e da cal se lle chegará copia xunto co presente.

En uso das facultades que outorga a lexislación de réxime local e as competencias delegadas na Xunta de Goberno Local polo Decreto da Alcaldía nº 205/2015, do 15 de xuño e polo acordo do Pleno adoptado en sesión extraordinaria celebrada o día 1 de xullo de 2015, a Xunta de Goberno Local por acordo unánime dos seus membros adoptou o seguinte, ACORDO:

Primeiro. Toma de coñecemento por parte deste Concello ao expediente de Comunicación Previa de actuacións de acondicionamento de local para a actividade de embotellado e venda ao por menor de viño, con dirección en Travesía da Feira s/nº, conforme coa documentación técnica, proxecto técnico redactado e asinado pola arquitecto técnico M^a. Fe García Liñeira.

Segundo. Prestar conformidade ao expediente de Comunicación Previa inicial, de acordo co informe do técnico competente, podendo comezar as obras, e a desenvolver a actividade de polbeira polo promotor do establecemento. Os servizos técnicos municipais poden, no seu caso, cursar visita de inspección, comprobación ou control en calquera momento có fin de verificar a verosimilitude das obras e da actividade coa documentación presentada no seu momento, en caso de que existan diferenzas entre a documentación técnica presentada e o efectivamente realizado, que supoña un cambio de réxime na concesión da autorización, procederase á paralización das obras ou ao peche do local en cuestión, como medida preventiva, sen prexuízo das sancións que poidan recaer sobre o promotor, de acordo co disposto artigo 7 puntos 2, 3, da Ordenanza Municipal reguladora do procedemento das comunicacións previas para obras menores e actividades.

Terceiro. As obras deberán ser realizadas no prazo máximo de seis meses, dende a data de comunicación do presente. Transcorrido este prazo sen que as obras rematasen e antes da súa finalización, a persoa interesada ou promotor poderá solicitar prorrogas en prazo, non podendo superar o prazo inicialmente autorizado.

Cuarto. Que se proceda ó cumprimento das prescricións xerais que figuran nas Normas Subsidiarias de Planeamento Municipais de Palas de Rei, ao cumprimento do recollido no informe técnico, e ao cumprimento do recollido na resolución emitida polo órgano competente en materia do Patrimonio Cultural, *deberá chegar o final de obra da edificación na que se pretende iniciar a actividade que se comunica*, dos cales se lle achegaran copias xunto co presente.

Quinto. O promotor da actividade está obrigado, artigo 7 punto 4 da Ordenanza Municipal arriba citada, a comunicar, o remate das obras, e presentar a comunicación previa para o inicio da actividade ou apertura do local ós efectos de proceder, no seu caso, á liquidación definitiva do imposto ou taxa correspondente e coa finalidade de que se curse a visita de inspección ou comprobación polos servizos técnicos competentes, se así o estiman oportuno.

Sexto. Proceder á comunicación e liquidación da cota do ICIO e taxas urbanísticas



que corresponda segundo o orzamento presentado, e a actividade a levar a cabo, Ordenanza Fiscal Nº 5, e que ascenden a un total de cento sesenta euros (160,00 euros).

Sétimo. Dar traslado dunha copia da liquidación das taxas ao interesado para que proceda ao abono do importe total a través de conta bancaria, previa notificación do acordo de conformidade.

Do que se lle dá traslado para o seu coñecemento.

Recursos: Contra o acordo que antecede, que é definitivo en vía administrativa, poder optar por:

a).- Interpor, con carácter potestativo, recurso de reposición, ante a Xunta de Goberno Local, dentro do prazo de un mes contado dende o día seguinte ó de notificación do presente Acordo.

No suposto de interposición do recurso potestativo de reposición, non poderá interpor recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se teña producido a desestimación presunta do recurso de reposición interposto (art. 116.2 da Lei 30/92 do 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, na súa redacción dada pola Lei 4/99 do 13 de xaneiro), e o prazo para interpor dito recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso de Lugo, será de dous meses contados dende o día seguinte ó da notificación da resolución expresa do recurso de reposición, si no fora expresa a resolución do recurso de reposición, o prazo de interposición do recurso contencioso-administrativo será de seis meses a contar desde o día seguinte a aquel en que deba entenderse presuntamente desestimado, e dicir, un mes (art. 46.4 da Lei 29/98 do 13 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, na súa redacción dada pola Lei 4/99 do 13 de xaneiro).

b).- Interpor directamente o recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do contencioso de Lugo, dentro do prazo de dous meses contados deste o día seguinte o da notificación da presente resolución, de conformidade có establecido no art. 46.1 da Lei 29/98 do 13 de xullo Reguladora de Xurisdición contencioso-administrativa.

Así mesmo advírteselle que tamén poderá utilizar calquera outro recurso que estime pertinente, así como exercer as accións que procedan ante a xurisdición competente."

Posto que non hai máis asuntos que tratar e se cumpre o obxecto do acto, PABLO JOSE TABOADA CAMOIRA, ALCALDE, levanta a sesión ás CATORCE HORAS E QUINCE MINUTOS, do que, como SECRETARIO-INTERVENTOR, dou fe.

SECRETARIO-INTERVENTOR, V. e pr.
ALCALDE,



Asdo.: IVAN PONTE MAHIA

Asdo.: PABLO JOSE TABOADA CAMOIRA